



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 22 DE MAIO DE 2018

Asistentes:

SANDRA BEIS SILVA
MARÍA JOSEFA CODESIDO BARREIRO
ADELA ISABEL IGLESIAS TOJO
GEMMA VERÓNICA LÓPEZ DE FUENTES
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ
JESÚS MARTÍNEZ PEREIRA
RAUL M. MÍGUEZ LÓPEZ
MARÍA VICTORIA PAZOS PÉREZ
MANUEL PUGA GARCÍA
ALFREDO SOUTO CASTELO

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e dous de maio de dous mil dezoito, reuníronse os señores concelleiros da marxe ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello para a que foran previamente convocados, baixo a presidencia do señor Alcalde, D. Ignacio Codesido Barreiro, e coa asistencia do Secretario titular, D. José Antonio Gómez Pedreira.

Reunindo os asistentes o quórum necesario para a válida celebración das sesións, polo señor Alcalde abriuse a sesión cos seguintes puntos na orde do día:

I.- APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN DE 23 DE MARZO DE 2018.

Polo señor Xoán Louzao, en representación do grupo do BNG, faise constar que en relación con rogo relativo ao local social de Calvos, que cando se referiu a súa mobilidade reducida falou da adaptación dos baños do local aos parámetros legais, e non o recolle así a acta.

Polo señor Secretario maniféstase que non existe inconveniente en corrixir nese sentido a acta.

Incorporada a corrección, o Pleno, por unanimidade, acorda a aprobación da acta do día 23 de marzo de 2018.

II.- APROBACION DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL S-04 PROMOVIDO POR QUEIZUAR S.L.

Dáse conta do expediente de tramitación do Plan parcial S-04 promovido por Queizuar S.L., que foi aprobado inicialmente en data 26 de xullo de 2017, e no que constan a resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 5 de marzo de 2018 pola que se formula a declaración ambiental estratéxica do mencionado Plan, que se ten incorporado a proxecto definitivo. Ase mesmo consta o informe favorable dos servizos técnicos-urbanísticos e xurídico.

O proxecto que se somete a aprobación definitiva, foi informado favorablemente pola comisión de servizos, obras e urbanismo.

Vistos os antecedentes, o Pleno por unanimidade dos membros presentes, que conforman a maioría absoluta dos membros da Corporación ACORDA:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o Plan parcial do S-04 do PXOM do Concello de Touro, promovido por Queizuar S.L. onde se incorporan as determinacións propostas pola Declaración ambiental estratéxica formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

Segundo.- Publicar no D.O.G. o presente acordo nos termos establecidos no artigo 82.2 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia.

Terceiro.- Publicar no B.O.P o documento que conteña a normativa e a as ordenanzas relativas o Plan aprobado definitivamente.

Cuarto.- Remitir os órganos competentes da Xunta de Galicia, os documentos do Plan definitivamente aprobado os efectos que legalmente correspondan.

III.- SOLICITUDE INCORPORACIÓN A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO.

Dáse conta do informe favorable da Comisión de Obras e Servizos en relación coa solicitude de incorporación do Concello á Fundación Refuxio de Animais do Concello de Santiago ubicado en Bando.

Conforme á proposta da Comisión, o Pleno, por unanimidade dos asistentes, que representan a maioría absoluta dos membros da Corporación acorda:

Primeiro.- Solicita a incorporación do Concello de Touro (A Coruña) á Fundación Refuxio de animais do concello de Santiago de Compostela.

Segundo.- Dar a súa aprobación ás normas de funcionamento da mencionada Fundación nos termos establecidos nos seus Estatutos , que igualmente se aproban neste acto aos efectos que foran legalmente procedentes.

Terceiro.- Autorizar ao señor Alcalde para a firma de cantos documentos se deriven en execución do presente acordo, designando o mesmo como representante do Concello, de ser aceptada a solicitude de incorporación, no padroado da Fundación.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo señor Alcalde declarouse finalizada a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos do día ao principio indicado, levantándose a presente acta autorizada coa firma do señor Alcalde e de min, o Secretario, que dou fe.